

A ECONOMÍA GALEGA NO ANO 2009

1

1.1 Contornos internacional e estatal

1.1.1 Contorno internacional

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2009; neste primeiro epígrafe achegáremos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No cuadrienio 2004-2007 a economía mundial rexistrou, no seu conxunto, un elevado crecemento económico (superior ao 4%), pero en 2008 a cousa mudou notablemente, e varios dos Estados máis desenvolvidos mesmo entraron en recesión nese ano. A principal causa foron as turbulencias financeiras que se produciron nos mercados a partir dos importantes problemas no mercado hipotecario de alto risco, que deron lugar a un período de gran volatilidade financeira, notables problemas de liquidez, perda de fiúza nos consumidores, de actividade nas empresas e unha forte destrución de emprego.

No ano 2009 a economía mundial ven de sufrir a perturbación máis fonda desde o fin da Segunda Guerra Mundial: tivo a maior contracción do PIB desde entón, situándose o “crecemento económico” (decrecemento, desta volta) medio mundial nun -0’6%. Sobrancearemos que podemos facer unha clara diferenciación: houbo unha diminución do PIB dun -3’1% nos Estados máis desenvolvidos e unha suba do 2’3% nas economías emerxentes.

A secuenciación temporal do crecemento económico mundial de 2009 reflicte que ao longo do ano se foi dando unha lixeira recuperación respecto dos niveis de partida e mesmo retornou a taxas de crecemento positivas o PIB no segundo semestre de 2009 en bastantes Estados. Tivo moito que ver con este comportamento a posta en práctica de medidas keynesianas de estímulo da demanda agregada e máis a inxección de fondos públicos para estabilizar o sistema financeiro. Con todo, o proceso de melloría veuse interrompido en varias ocasións por episodios de inestabilidade, nalgúns casos vencellados coa percepción do “risco soberano”.

No cadro I.1 presentamos os índices de crecemento económico, variación de prezos e taxas de desemprego dos EE.UU. e a UEM. no último quinquenio.

Economía internacional: PIB, variación IPC e taxa de desemprego. EE.UU. e UEM. 2005-2009

■ Cadro 1.1

Período		PIB (1)		Prezos de consumo		Taxa de paro (2)	
		EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM
2005		3,1	1,8	3,4	2,2	5,1	9,0
2006		2,7	3,1	3,2	2,2	4,6	8,4
2007		2,1	2,8	2,9	2,1	4,6	7,5
2008		0,4	0,4	3,8	3,3	5,8	7,6
2009		-2,4	-4,1	-0,4	0,3	9,3	9,4
2008	Trimestre I	2,0	2,2	4,1	3,4	5,0	7,2
	II	1,6	1,4	4,4	3,6	5,3	7,4
	III	0,0	0,3	5,3	3,8	6,0	7,6
	IV	-1,9	-2,0	1,6	2,3	7,0	8,0
2009	I	-3,3	-5,2	0,0	1,0	8,2	8,8
	II	-3,8	-4,9	-1,2	0,2	9,3	9,4
	III	-2,6	-4,1	-1,6	-0,4	9,6	9,7
	IV	0,1	-2,1	1,4	0,4	10,0	9,8

(1) PIB constante e corrixido de estacionalidade e calendario

(2) corrixida de estacionalidade

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega

Partindo de subas do PIB iguais en 2008, o crecemento económico tivo en 2009 unha caída moito máis pronunciada na UE ou na UEM (-4’1% nos dous ámbitos territoriais) que nos Estados Unidos (-2’4%). En taxa interanual do último trimestre, medrou unha décima en EE.UU. mentres que diminuíu un 2’1% na UEM; o descenso do PIB da UE foi especialmente intenso en varios dos Estados con maior peso económico e demográfico: en Alemaña, Gran Bretaña e Italia o PIB baixou entre un 4’8% e un 5%.

No tocante ás economías de Asia, sobrancearemos que:

■ A economía chinesa continuou en 2009 co seu vertixinoso ritmo de crecemento (desta volta un 8'7%), anque por baixo do promedio das dúas últimas décadas (9'8%).

■ Outra *economía emerxente* importante (India) tivo en 2009 un notable crecemento económico (5'7%) anque tamén inferior ao do ano anterior (7'3%).

■ A recesión xaponesa acentuouse no último ano, no que o seu PIB tivo a maior diminución de todos os Estados da OCDE (un -5'2%).

As economías de Centro e Sudamérica, no seu conxunto, soportaron a recesión mellor que outras zonas e, desde logo, moito mellor que en anteriores períodos de crise económica internacional. Subiron a bo ritmo en 2009 algúns Estados (como Uruguai, cun 2'9%), lixeiramente outros (0'9% en Arxentina ou 0'3% en Brasil) e diminuíu o PIB noutros (con grande intensidade en México: -4'5%).

Os Estados de África creceron de media por riba do 2% en 2009, pero cómpre subliñar dúas cousas: que esta taxa media agacha crecementos moi desiguais (superiores nos Estados produtores de petróleo) e que é moi cativa para diminuír a fonda pobreza na que están os Estados desta área.

No tocante á variación porcentual do índice de prezos de consumo, caeu o IPC en 2009 en Estados Unidos (-0'4%), China (-0'7%) ou Xapón (-1'4%) mentres que tivo unha lixeira suba na UEM (0'3%) e maior no conxunto da UE (0'9%), que partía dunha inflación en 2008 inferior á estadounidense en medio punto.

A taxa de desemprego quedou nun nivel semellante na UEM (9'4%) e en EE.UU. (9'3%) e algo por baixo na UE (8'9%), cando en toda a década anterior estivera bastante por baixo a estadounidense que a do conxunto da UE (no último bienio: 2'5 puntos por baixo en 2007 e 1'2 en 2008).

1.1.2 Contorno estatal

España situábase no período 2001-2008 á cabeza do crecemento económico da OCDE (cunha suba acumulada do PIB do 27,9%) seguida de lonxe por Gran Bretaña (20'4%), Canadá (20'1%) e Estados Unidos (18'7%); o crecemento económico español dese período estivo moi por riba do rexistrado no conxunto da OCDE (18,6%), nos países europeos da OCDE (18,5%) e na Unión Europea (17%).

A cousa cambiou radicalmente no ano 2009, e España (que xa no cuarto trimestre de 2008 baixou o PIB nun 1'2%, en dato interanual) afondou na recesión e descendeu en 2009 un 3'6% (con especial intensidade no semestre central, no que o PIB diminuíu un 4'1%).

No tocante á taxa de desemprego, trala continuada e pronunciada baixada ata o mínimo dun 8'3% en 2007, subiu en 2008 ata o 11'4% e no último ano escalou ata o 18%, máis do dobre dos promedios da UE (8'9%) ou do conxunto de Estados máis desenvolvidos (8%).


Unha visión comparativa do crecemento económico, ano por ano, do tempo transcorrido do século XXI en Galicia, España e a Unión Europea, témola no cadro 1.2, nel compróbase que:

**Crecemento do PIB⁽¹⁾
Galicia, España e UE. 2001-2009**

■ Cadro 1.2

	Galicia	España	UE-25/27
2001	3,5	3,7	2,0
2002	2,3	2,7	1,2
2003	2,6	3,1	1,3
2004	3,5	3,3	2,4
2005	3,3	3,6	1,7
2006	4,1	4,0	2,9
2007	4,0	3,6	2,9
2008	1,8	1,1	0,9
2009	-3,0	-3,6	-4,2

(1) En porcentaxe en termos reais. Datos da UE-27 desde a entrada de Rumanía e Bulgaria.
Fonte: IGE, INE e Eurostat.



■ A suba do PIB de Galicia superou ao da UE todos os anos e mesmo foi practicamente o dobre catro anos (2002, 2003, 2005 e 2008).

■ A evolución do PIB de Galicia foi mellor cá do español en cinco dos nove anos estudados: no ano Xacobeo (2004) e cada un dos últimos catro anos.

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia na análise do cadro anterior, tamén é importante estudar a evolución deste indicador macroeconómico nas diversas nacionalidades e rexións do noso Estado, para situar a Galicia na posición que lle corresponda no decorrer económico autonómico.

Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos principalmente será a do Instituto estatístico oficial (INE), puntualmente complementada cos datos aportados por FUNCAS (Fundación das Caixas de Aforro).


O INE fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas na *Contabilidad Regional de España*, que está adaptada ao novo sistema metodolóxico instaurado na UE. Da clasificación por comunidades autónomas do cadro 1.3 sobrancearemos que:

**Porcentaxe de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2007-2009.**

■ Cadro 1.3

	2007	2008	2009
Andalucía	3,8	0,8	-3,6
Aragón	4,5	1,1	-4,4
Asturias	3,6	1,2	-3,7
Baleares	3,8	1,8	-3,8
Canarias	3,8	1,3	-4,2
Cantabria	3,9	1,3	-3,5
Castela A Mancha	4,2	0,7	-3,3
Castela e León	3,7	0,9	-3,4
Cataluña	3,7	0,7	-4,1
C. Valenciana	3,7	0,5	-4,3
Estremadura	3,9	1,8	-2,0
Galicia	4,0	1,8	-3,0
Madrid	3,9	1,6	-3,2
Murcia	3,8	1,5	-3,4
Navarra	3,8	1,9	-2,5
País Vasco	3,9	2,1	-3,5
Rioxa (A)	4,0	1,5	-3,6
Ceuta	3,9	1,8	-1,7
Melilla	3,7	1,2	-1,4
España	3,8	1,2	-3,6

(1) En termos reais.
Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."



■ O PIB galego diminuíu en 2009 un 3%, por baixo do promedio estatal (-3'6%) e da UE (-4'2%).

■ O valor da actividade produtiva galega tivo un mellor comportamento que o promedio estatal todos os anos analizados neste cadro.

■ Só dúas comunidades autónomas (Estremadura e Navarra) e as dúas cidades autónomas tiveron en 2009 unha menor diminución do PIB que Galicia.

■ As maiores caídas do PIB no último ano foron as das comunidades aragonesa e, valenciana, as únicas comunidades autónomas nas que diminuíu máis o PIB que no conxunto da UE.

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza. Vexamos, pois, os datos do crecemento medio estatal e das diversas comunidades autónomas de 2000 a 2009 que figuran no cadro 1.4; explicitan que:

**Porcentaxe media de crecemento anual do PIB⁽¹⁾.
Por CC.AA. 2000-2009.**

■ Cadro 1.4

	Por riba da media estatal		Por baixo da media estatal
Estremadura	2,79	Aragón	2,31
Murcia	2,79	País Vasco	2,27
Melilla	2,70	A Rioxa	2,23
Madrid	2,54	Canarias	2,23
Andalucía	2,51	Castela e León	2,21
Ceuta	2,50	C. Valenciana	2,18
Navarra	2,48	Cataluña	2,09
Cast. A Mancha	2,46	Asturias	2,02
Cantabria	2,44	Illas Baleares	1,66
Galicia	2,38		
España	2,32		

(1) En termos reais.

Fonte: INE, "Contabilidad Regional de España".

■ O crecemento medio anual do PIB galego foi do 2,38%, lixeiramente por riba (só seis centésimas) do promedio estatal (2,32%) e situou a Galicia nun posto intermedio: décima posición entre as dez e nove comunidades (e cidades) autónomas.

■ As dúas comunidades de maior crecemento económico medio anual no período analizado foron Estremadura e Murcia, mentres que Asturias e Baleares pecharon a clasificación.

■ Catro das comunidades autónomas cunha suba anual media do PIB superior á de Galicia de 2000 a 2009 (Murcia, Estremadura, Andalucía e Castela-A Mancha) están precisamente entre as cinco que figuran por baixo de Galicia na clasificación por PIB por habitante (véxase o cadro 1.5). Isto pode reflectir, entre outras cousas, un mellor aproveitamento dos fondos recibidos da UE para potenciar o desenvolvemento económico das comunidades con menor PIB por habitante; en todo caso, constata inequivocamente que no período 2000-2009 esas comunidades avanzaron (sobre

todo Extremadura e Murcia) na xeración de PIB en relación coa nosa, fose pola mellor utilización dos fondos procedentes da UE, do Estado ou dos recursos propios dos que dispón cada comunidade autónoma.

O maior dinamismo demográfico dalgunha delas (como Murcia ou Andalucía) conlevou que o seu PIB *per capita*, en cambio, non medrase na proporción da galega ou de outras comunidades demograficamente estancadas.

O cadro 1.5 mostra o PIB por habitante das distintas comunidades autónomas, así como as medias estatal e da Unión Europea. Non debe esquecerse á hora de analizar os datos que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega respecto do promedio español é un factor que está influíndo a prol da suba relativa do noso PIB *per capita*; é a chamada *converxencia pasiva*, unha das vías de aproximación no longo camiño da converxencia de Galicia co PIB por habitante medio do Estado, que no último cuatrienio se complementou coa maior suba do PIB en Galicia que no promedio estatal (*converxencia activa*).

**Produto Interior Bruto per cápita⁽¹⁾.
Por CC.AA. 2009**

■ Cadro 1.5

	Por riba da media estatal		Por baixo da media estatal
País Vasco	30.703		
Madrid	30.029	Castela e León	22.314
Navarra	29.598	Ceuta	22.208
Cataluña	26.831	Asturias	21.523
A Ríoxa	24.754	Melilla	21.250
Aragón	24.639	C. Valenciana	20.259
Baleares	24.510	Galicia	19.995
Cantabria	23.343	Canarias	19.867
		Murcia	18.619
		Andalucía	17.485
		Cast.-A Mancha	17.208
		Extremadura	16.301
España	22.886		
UE-27	23.600		

(1) En euros por habitante.

Fonte: INE (EUROSTAT para o dato da UE-27).

Sobrancearemos na análise dos datos dese cadro que:

■ O PIB por habitante de Galicia en 2009 sitúase no 87'4% do promedio español e no 84'7% da media da Unión Europea.

■ Hai cinco comunidades autónomas que teñen en 2009 un PIB *per capita* inferior ao galego: as catro do ano anterior (Murcia, Andalucía, Castela - A Mancha, Extremadura) máis Canarias.

■ As catro comunidades autónomas que rexistraron en 2009 un maior PIB *per capita* seguen a ser País Vasco, Madrid, Navarra e Cataluña.

Cómpre non esquecer o importante achegamento en PIB por habitante (en paridade de poder adquisitivo) de España coa UE nas últimas décadas: os datos publicados por Eurostat en xuño de 2010 explicitan que España é un dos trece Estados que está por riba da media da UE-27 (aunque segue por baixo do promedio da UEM). O cadro 1.6 reflicte que acadou o índice maior (105%) no bienio 2006-2007 e diminuíu ao 103% no bienio 2008-2009.


■ Cadro 1.6

**Evolución do PIB⁽¹⁾ por habitante.
España, UEM e UE. 2000-2009**

	España	UEM	UE
2000	97	112	100
2006	105	109	100
2007	105	109	100
2008	103	108	100
2009	103	108	100

(1) En paridade de poder adquisitivo. Porcentaxe sobre a UE.
Fonte: Eurostat. (Oficina estatística da Comisión Europea).

Evolución do PIB 2000-2009



Unha fonte estatística alternativa ao INE é FUNCAS. No cadro 1.7 temos a súa perspectiva do crecemento económico das distintas comunidades (e cidades) autónomas en 2009. Subliñaremos que:

■ A diminución media do PIB español en 2009 foi do -3'8%, nun ano marcado polo retroceso do valor de mercado da actividade produtiva en todas e cada unha das comunidades e cidades autónomas (no caso de Galicia, un -3'1%).

■ A menor diminución do PIB tivérono (ademais das cidades autónomas) as comunidades extremeña, balear e galega, mentres que as maiores caídas foron as de Aragón, Cataluña e Castela-León.

Cómpre ter en conta tamén a posición relativa de Galicia en PIB por habitante (en paridade de poder adquisitivo) na UE. Aque non foron publicados aínda por Eurostat os datos de 2009, podemos botar man da estatística proporcionada por

**Crecemento real do PIB⁽¹⁾.
Por Comunidades Autónomas. 2009**

■ Cadro 1.7

	(%)
Melilla	-0,79
Ceuta	-0,49
Navarra	-3,70
País Vasco	-3,31
Baleares	-2,75
Estremadura	-2,09
Canarias	-4,18
Rioxa (A)	-3,57
Aragón	-4,84
Galicia	-3,08
Cantabria	-3,44
Murcia	-3,96
Madrid	-3,30
Castela e León	-4,25
C. Valenciana	-3,95
Andalucía	-3,77
Castela A Mancha	-4,04
Cataluña	-4,69
Asturias	-3,95
España	-3,83

(1) En termos reais.

Fonte: INE. FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica".

FUNCAS, segundo a cal Galicia estaría nun 90´56% da renda bruta por habitante da UE (e España nun 100´86%). Por baixo do índice de Galicia están catro comunidades autónomas: Andalucía (78´86%), Murcia (81´30%), Castela - A Mancha (83´28%) e Estremadura (84´90%):

1.2 Crecemento económico galego

Neste epígrafe estudaremos, en primeiro lugar, os datos do PIB de Galicia do último cuatrienio e logo a análise do PIB desde as perspectivas da demanda e máis da oferta.

■ Cadro 1.8

PIB⁽¹⁾ a prezos de mercado. Galicia / España. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
Galicia	50.338,2	54.072,8	56.290,3	54.686,0
España	984.284,2	1.052.730,0	1.088.502,0	1.051.151,0

(1) Prezos correntes, en millóns de euros

Os datos do cadro 1.8 evidencian que a economía galega abandonou en 2009 o crecemento económico anterior e retrocedeu (como a española) a un nivel inferior ao do ano 2007 (se descontásemos a inflación acumulada no último bienio, xa que os datos están en prezos correntes).

1.2.1 A perspectiva da demanda

A análise desde a *perspectiva de demanda* da variación anual e máis trimestral dos compoñentes do PIB de Galicia no último quinquenio facémola en primeiro lugar cos datos proporcionados polo IGE nas “Contas Económicas Trimestrais” (cadro 1.9). Reflicte que en 2009 se produciu unha continua desaceleración ao longo do ano no crecemento económico de Galicia ata o terceiro trimestre, no que tocou fondo (-3´6%), para experimentar unha melloría de medio punto porcentual no último trimestre do ano. (-3´1%).

■ Cadro 1.9

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2005-2009

Periodo	PIB	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servicios	Importación de bens e servicios
		Total	Fogares	AA. PP. e ISFLSF				
2005	3,4	3,4	3,3	3,5	5,2	3,9	3,3	4,1
2006	4,2	4,9	4,9	5,0	6,1	5,3	8,5	9,4
2007	4,0	4,0	4,0	4,1	5,8	4,6	6,4	6,9
2008	1,7	2,1	1,2	5,2	-2,1	0,7	-0,5	-1,4
2009	-3,0	-0,4	-1,9	5,0	-10,7	-3,7	-13,0	-11,8
Trimestres								
2007	I	3,8	4,5	4,4	4,9	8,1	5,7	8,3
	II	4,1	4,6	4,6	4,4	5,3	4,8	6,7
	III	4,5	4,0	4,1	3,7	5,5	4,5	8,5
	IV	3,5	3,1	3,0	3,3	4,5	2,5	2,8
2008	I	3,4	3,2	3,1	3,6	1,4	2,6	2,9
	II	2,7	2,5	1,9	4,7	0,7	1,9	3,5
	III	1,0	1,4	0,1	5,8	-2,6	0,1	-1,2
	IV	-0,3	1,3	-0,2	6,8	-8,0	-1,7	-8,3
2009	I	-2,0	0,3	-1,6	6,9	-12,8	-4,0	-15,6
	II	-3,4	-0,4	-2,2	5,9	-12,0	-4,2	-19,7
	III	-3,6	-0,3	-1,6	4,4	-11,3	-3,8	-12,8
	IV	-3,1	-1,1	-2,4	3,0	-6,4	-2,8	-2,5

Datos en porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

A análise desagregada dos diversos compoñentes do PIB desde o punto de vista do gasto constata:

■ A achega negativa da *demanda interna* ao crecemento do PIB galego en 2009, con especial intensidade na formación bruta de capital (diminución do 10´7%) pero perceptible tamén no consumo final dos fogares (-1´9%), non foi contrarrestada pola suba do gasto en consumo final das Administracións públicas e as Institucións sen fins lucrativos (5%).

■ Que a *demanda exterior neta*, pola súa banda, achegou 1´3 puntos porcentuais ao crecemento económico galego de 2009. As exportacións de bens e servizos diminuíron un 13% e as importacións baixaron un 11´8%.

I.2.2 A perspectiva da oferta

Centrarémonos agora na *perspectiva da oferta* da evolución por trimestres (e medias anuais) do PIB de Galicia no último quinquenio, que figura no cadro I.10. A análise das taxas de variación interanual reflicte en 2009 que:

■ Cadro 1.10

PIB de Galicia. Componentes da oferta. 2005-2009

Período	PIB	VEBpb por ramas de actividade								Impostos netos	
		Total	Sector primario	Prod. enerxéticos	Prod. Industriais	Construc- ción	Servizos				
							Total	Mercado	Non mercado		
2005	3,4	3,3	-3,9	-5,3	3,4	4,3	4,2	4,6	2,9	4,7	
2006	4,2	4,3	1,7	3,5	5,3	4,2	4,3	4,4	3,9	3,0	
2007	4,0	4,1	2,5	1,8	4,3	4,3	4,3	4,4	4,0	2,6	
2008	1,7	1,8	-1,3	-3,6	-1,6	-0,3	3,7	3,4	4,7	0,5	
2009	-3,0	-3,1	-1,8	-3,2	-13,7	-5,6	-0,1	-1,4	4,4	-2,3	
Trimestres											
2007	I	3,8	3,8	-0,7	5,3	4,7	4,3	3,7	4,2	2,0	1,4
	II	4,1	4,2	3,4	1,4	4,1	4,3	4,5	4,2	5,5	1,6
	III	4,5	4,4	3,0	1,5	6,7	4,1	4,1	4,1	4,3	7,7
	IV	3,5	4,0	4,3	-0,9	1,6	4,6	4,8	4,9	4,4	-0,3
2008	I	3,4	3,4	4,2	-7,9	3,3	2,3	4,3	4,0	5,2	3,3
	II	2,7	2,5	-4,2	-0,8	0,2	1,0	4,0	3,9	4,4	2,5
	III	1,0	2,0	0,1	-0,4	-1,7	-0,7	3,8	3,6	4,5	-5,2
	IV	-0,3	-0,4	-5,1	-5,0	-8,0	-3,5	2,8	2,2	4,8	1,7
2009	I	-2,0	-2,2	-0,2	-1,9	-17,3	-4,5	1,9	0,5	6,8	-1,0
	II	-3,4	-3,5	1,1	-7,6	-15,9	-5,6	-0,1	-1,5	4,7	-2,5
	III	-3,6	-3,9	-4,7	-5,6	-13,7	-6,3	-1,0	-2,3	3,6	-2,6
	IV	-3,1	-2,7	-3,3	2,6	-7,2	-5,9	-1,3	-2,4	2,7	-3,3

Taxa de variación interanual en %.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

■ En Galicia tan só creceu en 2009 o subsector de servizos non dirixidos ao mercado (4´4% de suba).

■ Os peores resultados en Galicia rexistrounos en 2009 a industria (-13´7%), seguida da construción (-5´6%), e a enerxía (-3´2%).

O cadro I.11 presenta, tomando como fonte estatística a Contabilidade Rexional do INE, a visión diacrónica do comportamento do PIB galego e máis dos seus compoñentes desde a perspectiva da oferta. Sobrancearemos:

PIB⁽¹⁾ por ramas de actividade económica. Galicia 2007 - 2009

■ Cadro 1.11

	2007	2008	2009
Agricultura e pesca	2,3	-2,2	-1,7
Enerxía	-1,7	-5,4	-5,3
Industria	2,7	1,5	-15,8
Construción	2,6	0,3	-3,4
Servizos	5,6	3,1	0,0
PIB Total	4,0	1,7	-3,0

(1) PIB a prezos de mercado, variacións de volume en porcentaxe de variación interanual.

Fonte: INE, "Contabilidad regional de España"

- A forte baixada do PIB no último bienio, con especial gravidade no último ano.
- A fortísima diminución en 2009 do valor da actividade industrial (incluída a enerxética), seguida en importancia pola da construción.
- O carácter negativo do sector enerxético nos tres anos analizados

O cadro 1.12 achéganos unha interesante comparanza entre as composicións porcentuais do PIB galego e do español, da que subliñaremos as principais diferenzas entre as estruturas produtivas dos dous ámbitos territoriais:

**Estrutura porcentual do PIB (1) por ramas de actividade económica.
Galicia / España. 2005, 2007, 2009**

■ Cadro 1.12

	2005	2007	2009
GALICIA			
Agricultura e pesca	4,9	4,3	4,0
Enerxía	3,9	3,5	3,3
Industria	13,6	13,5	12,2
Construción	11,5	11,9	11,7
Servizos	55,7	56,4	61,7
Total	100,0	100,0	100,0
ESPAÑA			
Agricultura e pesca	2,9	2,5	2,3
Enerxía	2,5	2,4	2,3
Industria	13,8	13,2	11,7
Construción	10,3	10,6	10,0
Servizos	60,1	61,0	66,6
Total	100,0	100,0	100,0

Nota: Totales calculados sen incluír impostos netos sobre os produtos.

(1) PIB a prezos de mercado.

Fonte: INE, "Contabilidad regional de España".

- O maior peso no PIB de Galicia do sector agro-gandeiro e pesqueiro (que case dobra ao estatal, pese á lixeira diminución que se deu en cada ano), da construción (un 17% por riba da media española) e da industria (medio punto porcentual máis).
- O menor peso no PIB de Galicia dos servizos (4'9 puntos porcentuais por baixo do promedio estatal, diferencial que subiu nos anos analizados).

1.3 Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos primeiro á medida en que o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia e despois ao estudo da produtividade do traballo.

1.3.1 A xeración de emprego en Galicia

Comezaremos este estudo tomando como fonte estatística as “Contas Económicas” do IGE, polo que nos referiremos aos *postos de traballo equivalentes a tempo completo*; outra perspectiva é da EPA, que empregaremos noutros cadros deste epígrafe e máis no capítulo 4 para achegarnos á poboación ocupada, tanto globalmente como desagregada por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc; remitimos a ese epígrafe aos interesados/as en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

O cadro 1.13 permítenos avaliar a xeración de emprego en Galicia (en postos de traballo equivalentes a tempo completo) no último trienio. En 2009 salientaremos que:

Evolución do emprego⁽¹⁾. Galicia 2007-2009

■ Cadro 1.13

	2007	2008	2009
Agricultura e pesca	113.472	109.288	94.859
Energía	10.601	10.336	9.846
Industria	172.044	169.982	151.042
Construción	158.540	149.836	123.980
Servizos	811.143	833.985	732.738
Total	1.265.800	1.273.427	1.112.465

(1) En postos de traballo equivalentes (PTE).
Fonte: IGE, Contabilidade trimestral.

■ A xeración neta de emprego en Galicia dos anos 2007 (31.564) e 2008 (7.627) pasou a ser en 2009 unha fortísima destrución neta de emprego (nada menos que 160.962).

■ Baixou o emprego en 2009 en todos os sectores, con especial virulencia en valor absoluto nos servizos (que tiveran a única suba no ano anterior); o sector agro-pesqueiro tivo unha diminución porcentual de persoas ocupadas moi semellante (12'7%, fronte ao 13'2% dos servizos).

Para facilitar o labor das persoas que desexen afondar neste estudo cunha maior desagregación temporal, presentamos no cadro 1.14 as taxas de variación interanual do emprego de Galicia nas diversas ramas (e no conxunto da economía galega) nos oito últimos trimestres, así como as medias dos dous últimos anos.

■ Cadro 1.14
Variación do emprego⁽¹⁾. Por ramas productivas. Galicia. 2008-2009.

			2008				2009			
	2008	2009	Tr.I	Tr.II	Tr.III	Tr.IV	Tr.I	Tr.II	Tr.III	Tr.IV
Ramas agraria e pesqueira	-3,8	-0,9	-3,2	-6,7	-2,9	-2,4	-1,4	1,3	-1,9	-1,8
Ramas enerxéticas	-2,2	-4,7	-3,3	-1,7	-1,5	-2,2	-4,1	-4,8	-4,4	-5,7
Ramas industriais	-0,9	-8,6	1,4	0,3	-1,4	-3,8	-7,3	-9,2	-9,1	-9,1
Construción	-5,6	-14,6	-0,9	-3,5	-7,0	-11,1	-13,5	-15,4	-15,2	-14,4
Ramas dos servizos	2,5	-1,2	2,9	3,4	2,7	1,1	0,2	-1,6	-2,2	-1,0
- Servizos de mercado	2,8	-2,2	3,0	3,6	3,2	1,3	-0,6	-2,8	-3,6	-2,0
- Servizos non de mercado	2,0	1,2	2,9	2,9	1,6	0,8	2,1	0,4	1,0	1,3
TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TIEMPO COMPLETO	0,4	-4,0	1,6	1,1	0,3	-1,5	-2,9	-4,4	-4,8	-3,8

(1) Variación porcentual interanual en postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Unha visión resumida da evolución do mercado de traballo de Galicia no último quinquenio pódese ollar no cadro 1.15. (con desagregación por trimestres para o último bienio); permitiralles ás persoas interesadas realizar unha análise diacrónica máis a fondo (que nós faremos ao longo do capítulo 4).

■ Cadro 1.15
Balance do mercado de traballo. Galicia. 2005-2009

Período	Poboación > 16 anos	Poboación activa	Poboación ocupada	Pob. asalariada	Pob. desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro		
	Miles de persoas					Porcentaxe				
2005	2.365,9	1.254,8	1.130,1	840,9	124,8	53,0	47,8	9,9		
2006	2.372,7	1.272,1	1.164,2	890,7	107,8	53,6	49,1	8,5		
2007	2.380,9	1.292,0	1.193,4	922,0	98,7	54,3	50,1	7,6		
2008	2.387,6	1.314,8	1.200,1	923,0	114,7	55,1	50,3	8,7		
2009	2.386,2	1.317,4	1.151,5	898,8	165,9	55,2	48,3	12,6		
2008	Trimestre	I	2.386,4	1.298,3	1.190,0	913,5	108,4	54,4	49,9	8,3
		II	2.387,4	1.309,9	1.200,8	917,3	109,1	54,9	50,3	8,3
		III	2.388,3	1.326,9	1.214,5	934,9	112,4	55,6	50,9	8,5
		IV	2.388,4	1.324,1	1.195,1	926,1	129,0	55,4	50,0	9,7
2009		I	2.387,5	1.331,1	1.168,5	905,9	162,7	55,8	48,9	12,2
		II	2.386,1	1.317,7	1.147,4	892,7	170,4	55,2	48,1	12,9
		III	2.385,3	1.313,3	1.151,1	904,1	162,2	55,1	48,3	12,4
		IV	2.386,0	1.307,3	1.138,9	892,3	168,4	54,8	47,7	12,9

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

Xa como remate deste epígrafe, presentamos no cadro 1.16 unha análise comparativa do comportamento nos anos transcorridos do século XXI da ocupación galega e española. Percíbese nidiamente que a continua e importante suba do emprego que se produciu ata o ano 2007 nos dous ámbitos territoriais converteuse no último bienio en diminución da ocupación, lixeira en 2008 e moi intensa en 2009.

■ Cadro 1.16

Emprego total. Galicia / España. 2001-2009

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	1.026,1	1.036,2	1.056,8	1.084,8	1.126,1	1.168,1	1.214,7	1.211,2	1.154,6
España	17.727,0	18.116,8	18.686,2	19.334,1	20.115,0	20.936,3	21.584,3	21.484,2	20.066,4

Datos en miles.

Fonte: INE, "Contabilidad regional de España".

I.3.2 Produtividade do traballo

A *produtividade* é o cociente entre a produción e os recursos utilizados para obtela; xa que logo, mide a produción xerada por cada unidade de factor produtivo. A produtividade é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras de Paul Krugman: "A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo".

Na nosa análise, o factor produtivo focalizado vai ser o traballo; referirémonos, pois, á *produtividade do traballo*, entendida coma o cociente entre a produción e o emprego de recursos humanos que a fixeron posible.

Obviamente, a mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para conseguir unha maior competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado; a maior formación bruta de capital, o investimento en capital humano, en I+D+i e a aplicación de boas técnicas de organización empresarial, son, entre outros factores, sólidos piares nos que asentar unhas empresas de maior produtividade.

Noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* analizamos o investimento na formación bruta de capital (capítulo I), en I+D+i (capítulo 2), en formación das persoas (capítulo 10) e outros condicionantes da produtividade do traballo, como por exemplo a alta porcentaxe da contratación temporal no mercado de traballo, que vai en contra da ganancia de produtividade que se pode acadar cando alguén se especializa nun traballo, e ademais non motiva dabondo na consecución dos obxectivos empresariais ás persoas que traballan sometidas a unha rotación laboral excesiva.

Sabedores de que a análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe, recolleemos aquí tan só un achegamento ao tema, a partir dos datos de FUNCAS para as distintas comunidades autónomas.

Galicia quedara lixeiramente por baixo do crecemento medio da produtividade en 2008 en España (0,24 puntos porcentuais menos: 1'51% en vez de 1'75%) pois cun crecemento da poboación ocupada (0'56%) superior ao promedio estatal (0'48%) Galicia conseguira unha suba do PIB (1'21%) moi pouco maior que a media española (1'15%).

No ano 2009 Galicia quedou moi por baixo do crecemento da produtividade media en España (1'83 puntos porcentuais menos: 0'9% fronte ao 2'73% estatal. Tan só unha comunidade autónoma (Castela-León) e as dúas cidades autónomas tiveron unha variación da produtividade inferior á galega en 2009.

A maior suba da produtividade deuse en 2009, por esta orde, na C. Valenciana, Baleares, Murcia e Cataluña.

Os estudos comparativos a nivel internacional reflicten que a produtividade *por persoa* empregada en España diminuíu en termos relativos na década 1997-2007, entre outros factores polo forte aumento do emprego da poboación inmigrante –maioritariamente empregada como man de obra non cualificada– e pola suba da contratación a tempo parcial. O cambio radical da situación económica no bienio 2008-2009 fixo que a situación cambiase substancialmente no conxunto do Estado español, anque non sexa o mesmo na análise de zonas menos desenvolvidas economicamente (como Galicia) nas que non se deu coa mesma intensidade a chegada de persoas en idade de traballar do estranxeiro na última década.

1.4 Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do territorio do noso Estado. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tanto a todas as transaccións con orixe ou destino en Galicia como tan só a unha parte dese total: ás transaccións con orixe ou destino fóra de España; achegarémonos ás dúas nas seguintes páxinas.

1.4.1 Comercio galego co estranxeiro

1.4.1.1 Exportacións, importacións e saldo comercial.

Taxa de cobertura

A análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española no último sexenio podemos facela ao fío do cadro 1.17; nel podemos apreciar a evolución das exportacións, das importacións, do saldo comercial (diferenza entre o valor das exportacións e o das importacións) e da taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións). Constátase que:

- O crecemento das exportacións galegas foi continuo ata o ano 2007 (anque xa nese ano a porcentaxe de suba non chegou aos niveis do bienio anterior).
- A suba das importacións galegas tamén foi continua no cuadrenio 2004-2007 mentres que baixou no seguinte bienio.
- A desagregación por trimestres do bienio 2008-2009 reflicte que en tres trimestres (segundo de 2008 e os dous primeiros de 2009) Galicia tivo superávit comercial ou, o que é o mesmo, a taxa de cobertura rebordou o limiar do valor 100, acadando respectivamente os índices 100'8, 100'4 e 100'6.
- A taxa de cobertura tivo un bo comportamento no período 2006-2009, no que avanzou ano tras ano (con especial intensidade en 2006) ata quedar en 2009 case no equilibrio do noso comercio co estranxeiro (taxa do 99'3%).
- Na desagregación territorial do comercio galego co estranxeiro, cómpre subliñar que a provincia de Pontevedra segue a ser, un ano máis, o auténtico motor de explotación das exportacións galegas; o valor das súas vendas ao estranxeiro dobra á suma das outras tres provincias, e segue a ser unha das provincias con maior superávit comercial en toda España.

Comercio exterior⁽¹⁾. Galicia. 2004-2009

■ Cadro 1.17

Período		Millóns de euros			Cobertura %	TVI (%)	
		Export.	Import.	Saldo		Export.	Import.
2004		10.547,6	11.606,1	-1.058,5	90,9	5,4	6,0
2005		12.167,5	13.767,5	-1.600,0	88,4	15,4	18,6
2006		14.220,3	14.968,6	-748,3	95,0	16,9	8,7
2007		15.053,1	15.423,2	-370,1	97,6	5,9	3,0
2008		13.940,7	14.146,6	-205,9	98,5	-7,4	-8,3
2009		12.675,5	12.765,5	-90,0	99,3	-9,1	-9,8
2008	Trimestre I	3.484,9	3.600,6	-115,7	96,8	-9,5	-7,9
	II	3.871,6	3.842,3	29,3	100,8	-10,1	-3,3
	III	3.532,0	3.581,3	-49,3	98,6	2,7	-5,8
	IV	3.052,2	3.122,4	-70,2	97,8	-11,8	-16,5
2009	I	2.812,0	2.801,8	10,2	100,4	-19,3	-22,2
	II	2.991,9	2.973,8	18,1	100,6	-22,7	-22,6
	III	3.355,3	3.428,7	-73,4	97,9	-5,0	-4,3
	IV	3.516,0	3.561,3	-45,3	98,7	15,2	14,1

(1) En euros constantes. Base 2005.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

1.4.1.2 Distribución por produtos do comercio exterior galego

1.4.1.2.1 Exportacións

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do *comercio intraindustrial* reflíctese cun dato: os seis primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas están todos entre os sete primeiros apartados das nosas importacións.

Na análise das principais mercancías exportadas por Galicia en 2009 sobrancearemos, ao fío do cadro 1.18:

■ Cadro 1.18

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2009

	Exportacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI % ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	4.838.542	35,2	-17,1
2	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.498.388	10,9	9,8
3	Prendas e complementos de vestir de punto	938.772	6,8	6,6
4	Peixes, crustáceos e moluscos	835.932	6,1	-5,3
5	Aparatos e material eléctrico	557.725	4,9	-20,3
	Total exportación galega	13.759.215	100,0	-12,6

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

■ A notable estabilidade: os catro primeiros capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior, e pola mesma orde.

■ As exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro epígrafe e, pese á diminución de 2009 nun 17'1%, representan un 35'2% do valor total das exportación galegas (do que ao redor dun 70% corresponde a automóbiles e o resto a compoñentes para automóbiles).

■ A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase especialmente en tres apartados: *automobilístico*, *téxtil* e *peixes, crustáceos e moluscos*.

■ As vendas galegas ao estranxeiro presentan un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que máis da metade das exportacións de 2009 (un 52'9%, 1'6 puntos máis que no ano anterior) aglutínanse nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro analizado; isto conleva un risco: unha maior vulnerabilidade que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas.

■ O crecemento do último ano produciuse, ao igual que no ano anterior, nos dous epígrafes de *Prendas e complementos de vestir* mentres que baixou o valor das exportacións nos outros tres apartados (con especial intensidade en *aparatos eléctricos* e *vehículos*).

1.4.1.2.2 Índices de competitividade das exportacións galegas

No cadro 1.19 presentamos os índices de competitividade das exportacións galegas no último quinquenio (con desagregación trimestral do bienio 2008-2009) desde unha dobre perspectiva: os Estados da UE e máis o conxunto dos Estados desenvolvidos. Subliñaremos que:

■ Cadro 1.19

Índices de competitividade⁽¹⁾ das exportacións galegas. 2005-2009

Período		Fronte ós países da UE27				Fronte ós países desenvolvidos			
		Total				Total			
		Con IPC	Con IPRI	Con IVUe	Con CLU	Con IPC	Con IPRI	Con IVUe	Con CLU
2005		100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
2006		101,4	101,5	100,9	103,4	101,4	101,5	101,2	103,4
2007		101,7	103,2	107,3	104,3	102,3	103,8	108,5	105,0
2008		103,5	105,9	107,1	104,3	104,5	106,6	109,0	105,7
2009		104,1	106,4	107,0	105,0	104,6	106,6	108,6	106,6
2008	Trimestre								
	I	103,3	106,3	106,9	105,6	104,3	107,2	108,6	106,9
	II	103,5	106,6	108,1	104,0	105,1	107,8	110,6	105,9
	III	103,4	105,8	105,6	102,8	104,6	106,5	107,7	104,5
2009	IV	103,8	104,9	107,8	104,7	104,1	104,9	109,0	105,6
	I	104,5	106,5	107,4	104,4	104,7	106,4	108,5	105,5
	II	103,9	106,4	107,9	105,6	104,4	106,6	109,4	107,0
	III	103,7	106,0	107,4	104,8	104,4	106,4	109,2	106,6
2009	IV	104,1	106,6	105,1	105,3	104,9	107,0	107,1	107,3

(1) Unha suba do índice implica unha perda de competitividade e unha diminución do índice supón unha mellora da competitividade.

Base 2005.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

■ No último cuadrienio houbo unha perda de competitividade respecto dos Estados da UE que varía entre un 4'1% e un 7% (segundo o índice que escollamos dos catro que figuran no cadro).

■ No último cuadrienio a nosa perda de competitividade respecto dos Estados máis desenvolvidos variou entre un 4'6% e un 8'6% (segundo o índice que escollamos).

■ No ano 2009 houbo unha mellora nun dos índices, tanto fronte aos Estados da UE como respecto dos Estados máis desenvolvidos.

1.4.1.2.3 Importacións

Na análise das principais mercancías importadas por Galicia en 2009 subliñaremos na análise do cadro 1.20:

■ A estabilidade: catro dos cinco primeiros capítulos do arancel con maior valor son os mesmos que no ano anterior; intercambiándose a posición os epígrafes primeiro e segundo.

■ As importacións galegas do sector automobilístico volven en 2009 a encabezar (a diferenza do ano anterior) esta clasificación; a maior parte corresponden a compoñentes para automóviles, e son necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën, nun bo exemplo de *comercio intrafirma*.

■ Nas nosas compras no estranxeiro hai un grao de concentración sectorial elevado, anque menor que nas exportacións, xa que en 2009 un 47,1% do valor total das importacións galegas (sete décimas máis que en 2007) produciuse nos tres primeiros capítulos arancelarios recollidos no cadro.

■ Polo aumento do último ano sobrancea o apartado de *aparatos e material eléctrico*; (41'2%); pola contra, o que máis diminuíu foi o epígrafe de *combustíbeis minerais* (-29'4%).

■ Cadro 1.20

Principais capítulos de importación. Galicia. 2009

	Importacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	2.740.903	21,2	6,1
2	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	2.336.368	18,1	-29,4
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.004.503	7,8	23,1
4	Aparatos e material eléctrico	888.294	6,9	41,2
5	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	804.428	6,2	-5,7
	Total	12.928.155	100,0	-16,6

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio,

1.4.1.3 Distribución xeográfica do comercio exterior galego

A distribución por Estados das exportacións galegas que presentamos no cadro 1.21 constata que:

Principais destinos das exportacións galegas. 2009

■ Cadro 1.21

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	4.936.089	35,9	-10,2
2 Portugal	2.039.215	14,8	-18,2
3 Italia	960.735	7,0	1,7
4 EE.UU.	569.491	4,1	-12,1
5 Alemaña	470.963	3,4	-8,6
Total	13.759.215	100,0	-12,6

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

■ Os catro primeiros clientes de Galicia son en 2009 os mesmos (e na mesma orde) que no ano anterior: Francia, Portugal, Italia e EE.UU; na quinta posición, Alemaña substitúe a Gran Bretaña.

■ Francia e Portugal concentraron máis da metade (50,7%) das vendas de Galicia ao estranxeiro (a mesma porcentaxe do ano anterior).

■ Cos Estados que figuran no cadro, a suba do valor das nosas exportacións produciuse só (e moi lixeiramente) con Italia mentres que baixaron con intensidade as vendas galegas a Portugal, Francia e Estados Unidos.

Nos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro 1.22, que no ano 2009:

Principais provedores de Galicia. 2009

■ Cadro 1.22

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	2.901.738	22,4	3,7
2 Portugal	1.511.356	11,7	-28,6
3 Alemaña	695.794	5,4	-2,0
4 China	553.542	4,3	-17,8
5 Reino Unido	482.685	3,7	-34,2
Total	12.928.155	100,0	-16,6

(1) Porcentaxe sobre o total de importacións.

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

■ A comparanza cos cinco Estados que encabezaban esta clasificación en 2008 explicita que repiten os dous primeiros (e pola mesma orde), Gran Bretaña (que pasa do cuarto ao quinto posto) e Alemaña (que ascende do quinto ao terceiro posto). O que entra de novo é China, que, á vista do seu poderío comercial na última década, “ven para quedarse” nesta clasificación.

■ Catro dos cinco Estados aos que máis lles mercamos (todos menos China) son membros da Unión Europea.

■ Respecto do visto cos Estados clientes, é menor a concentración territorial, xa que os dous primeiros clasificados non chegan a concentrar máis da metade do valor total das nosas importacións senón algo máis da terceira parte (un 34,1%), 2’5 puntos porcentuais máis que en 2008.

■ En 2009 o valor das importacións aumentou só nas procedentes de Francia (e o fixo moi lixeiramente) mentres que baixou con especial intensidade nas que viñeron de Gran Bretaña e Portugal.

1.4.2 Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo, cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a estas transaccións como *comercio exterior total*. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou, indirectamente, pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar todas as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou só das transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación no valor dos indicadores cos que se avalían estas relacións comerciais (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o lixeirísimo déficit de Galicia nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos o *comercio exterior total* de Galicia.

No cadro 1.23 podemos comprobar o saldo exterior *total* (sumado, pois, tanto as transaccións internacionais como as realizadas coas comunidades autónomas); compróbase nel que:

■ Sete comunidades (as mesmas do ano anterior) rexistraron en 2009 un saldo positivo. Ordenadas de maior a menor saldo exterior en porcentaxe do seu PIB foron: Navarra, Baleares, Madrid, País Vasco, Cataluña, C.Valenciana e A Ríoxa; son as mesmas que no ano anterior e pola mesma orde.

■ Entre as doce comunidades e cidades que presentan un saldo negativo, Galicia segue a ser (como en 2008) a terceira en valor absoluto.

■ Na clasificación por maior porcentaxe de déficit do saldo exterior *total* sobre o seu PIB, Galicia mellorou notablemente a súa posición en 2009, ao rebaixar dun 21% a un 14’3% a súa porcentaxe (6’7 puntos menos que no ano anterior). Queda na cuarta posición entre as dez comunidades autónomas deficitarias (non incluímos

neste cómputo as cidades autónomas, pola súa especificidade comercial), por detrás de Estremadura e Castela-A Mancha (ao igual que en 2008) e tamén, agora, de Castela-León.

■ Cadro 1.23

Saldo exterior. Por CC.AA. 2009

	Con saldo exterior positivo			Con saldo exterior negativo	
	Saldo(1)	% do PIB pm		Saldo(1)	% do PIB pm
Madrid	14.017	6,64	Andalucía	-15.657,0	-10,39
Cataluña	10.305	4,89	Castela e León	-9.463,0	-15,72
País Vasco	4.489	6,21	Galicia	-8.341,0	-14,33
C.Valenciana	2.596	2,41	Castela A Mancha	-7.109,0	-19,37
Baleares	2.085	8,12	Canarias	-3.744,0	-8,86
Navarra	1.759	9,13	Estremadura	-4.471,0	-23,20
A Ríoxa	37	0,44	Asturias	-2.937,0	-12,06
			Aragón	-1.838,0	-5,23
			Murcia	-1.911,0	-6,72
			Cantabria	-363,0	-2,49

(1) En millóns de euros.

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica". Xaneiro/febreiro 2010.

A importante melloría do ano 2009 conseguiu recortar de forma moi significativa a falla de competitividade que reflectía o noso déficit no comercio exterior total en 2008 (un euro por cada cinco de PIB nese ano e un euro por cada sete do noso PIB agora).

Para seguir acurtando en anos vindeiros o camiño que nos queda para chegar cando menos ao equilibrio comercial neste comercio fóra de Galicia cómpre un grande esforzo para a mellora da produtividade da economía galega (especialmente no investimento en educación, en investigación, desenvolvemento e innovación, en modernización da estrutura organizativa empresarial e outros aspectos xa tratados noutros apartados deste *Informe Sociolaboral*).

Se comparamos os datos deste cadro cos do cadro 1.5 podemos comprobar que hai unha clara correlación directa entre o saldo exterior *total* dunha comunidade (ou cidade) autónoma e a súa riqueza relativa (medida co PIB por habitante); na análise conxunta dos dous cadros sobrancea que:

■ As sete comunidades cun maior índice de riqueza relativa (medida polo PIB *per capita*) son en 2009, por orde de maior a menor: País Vasco, Madrid, Navarra, Cataluña, A Ríoxa, Aragón e Baleares. Seis delas (todas agás Aragón, que cede o seu posto á C.Valenciana) figuran entre as sete comunidades cun saldo exterior *total* positivo en 2009.

■ Por outra parte, as comunidades (e cidades) autónomas de menor índice de riqueza relativa coinciden case totalmente coas de maior porcentaxe de déficit en relación ao seu PIB no comercio exterior *total*. Estremadura e Castela - A Mancha exemplifican moi ben este vencello.

Cómpre non esquecer estas “*balanzas comerciais*” *totais autonómicas* á hora de avaliar axeitadamente os mecanismos de financiamento das comunidades

autónomas, pois as “*balanzas fiscais*” deficitarias (tan salientadas polos responsables dalgunha comunidade moito máis desenvolvida que Galicia) son unha contrapartida solidaria que adoita existir nos *Estados do benestar* (e mesmo en áreas supranacionais coma a UE) para compensar, cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas, que axudan a financiar (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

1.5 Evolución dos prezos e dos salarios

1.5.1 A inflación


O cadro 1.24 explicita que a taxa de inflación de 2009 en Galicia (0´9%) foi a menor dos anos transcorridos do século XXI e quedou unha décima por riba do promedio estatal. As subas dos prezos en Galicia e España no último ano estiveron a un nivel semellante á UE (0´9%) e moi por riba da suba media na UEM (0´3%).

■ Cadro 1.24

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2009

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6	4,1	1,2	0,9
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	2,7	4,2	1,4	0,8

(1) De decembro a decembro.
Fonte: INE, IPC.



A desagregación por provincias recollida no cadro 1.25 amosa que A Coruña rexistrou a maior suba dos prezos en 2009 e Ourense a menor; esta última e máis Lugo tiveron unha inflación menor que os promedios galego e máis español.

Porcentaxe de variación do IPC. Por provincias. 2007-2009

■ Cadro 1.25

	2007	2008	2009
A Coruña	4,0	1,5	1,2
Lugo	4,0	1,1	0,7
Ourense	4,0	1,2	0,5
Pontevedra	4,2	0,9	0,9

De decembro a decembro.
Fonte: INE. IPC.

A inflación subxacente (a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en 2009 en Galicia no 0'2% (unha décima menos que a media estatal), como se ve no cadro 1.26.

Inflación subxacente. Galicia e España. 2005-2009

■ Cadro 1.26

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	2,7	2,3	3,3	2,4	0,2
España	2,9	2,5	3,3	2,4	0,3

Taxas de variacións interanuais en %.
Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.27 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no último cuatrienio en Galicia. Obsérvase nel que:

- A maior diminución dos prezos (dos cinco epígrafes nos que descendeu) produciuse no grupo dos alimentos.
- O grupo máis inflacionista (dos sete de suba de prezos) foi o de bebidas alcohólicas-tabaco (cun 11'3%), seguido do transporte (4'1%).

■ Cadro 1.27

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2006-2009

	2006	2007	2008	2009
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas				
Galicia	3,1	5,8	2,4	-2,0
2. Bebidas alcohólicas e tabaco				
Galicia	1,5	6,4	3,8	11,3
3. Vestido e calzado				
Galicia	1,0	1,4	0,6	-0,9
4. Vivenda				
Galicia	4,7	5,5	4,9	0,8
5. Enxoval				
Galicia	3,1	2,4	3,1	1,0
6. Medicina				
Galicia	1,9	-2,1	0,1	-0,7
7. Transporte				
Galicia	1,7	7,1	-5,6	4,1
8. Comunicacións				
Galicia	-1,7	0,8	-0,3	-0,3
9. Ocio e cultura				
Galicia	0,1	-0,9	-0,4	-0,6
10. Ensino				
Galicia	4,2	3,8	4,5	2,6
11. Hoteis, cafés e restaurantes				
Galicia	4,7	5,0	4,7	1,8
12. Outros				
Galicia	3,1	2,5	3,4	1,9
VARIACIÓN XERAL DO IPC	2,6	4,1	1,2	0,9

Taxas de variación interanuais en %.
Fonte: INE.

I.5.2 Os custos laborais

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística do INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas principais aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos Estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro 1.28 recolle o custo laboral (por traballador/a e mes e por hora efectiva) en Galicia no último sexenio. Compróbase que:

■ Cadro 1.28

Coste e xornadas laborais. Galicia. 2004 - 2009

Período	Coste laboral por traballador e mes		Coste laboral por hora efectiva		Coste salarial por traballador e mes		Coste laboral por hora efectiva		Incremento salarial pactado en convenio	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.		Total traballadores	Tempo completo	Tempo parcial
2004	1.772,1	-0,1	12,7	0,7	1.295,9	0,0	9,3	0,8	3,34	159,4	170,8	80,3
2005	1.827,1	3,1	13,2	4	1.322,5	2,1	9,6	2,9	3,42	158,3	170,6	82,5
2006	1.976,9	8,2	14,5	9,6	1.433,6	8,4	10,5	9,8	3,71	158,6	170,1	81,7
2007	2.049,8	3,7	15,0	3,7	1.504,0	4,9	11,0	4,9	3,68	158,0	169,9	84,4
2008	2.124,3	3,6	15,6	4,1	1.561,0	3,8	11,5	4,2	4,24	156,4	169,5	83,4
2009	2.199,7	3,5	16,4	4,9	1.615,0	3,5	12,1	4,8	3,32	156,0	169,4	83,4
2009 I	2.088,8	4,4	15,2	4,1	1.494,8	3,4	10,9	3,1	3,58	155,8	169,3	81,6
II	2.188,8	3,6	16,1	7,9	1.612,8	4,3	11,9	8,6	3,52	155,8	169,4	82,2
III	2.196,0	5,1	17,0	5,0	1.605,9	5,1	12,4	5,0	3,50	157,0	169,4	87,2
IV	2.325,3	1,4	17,4	2,8	1.746,5	1,3	13,1	2,8	3,32	155,5	169,5	82,5

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega.

■ En Galicia tanto o *custo laboral por traballador/a e mes* coma o *custo salarial por traballador/a e mes* subiron en 2009 un 3'5% (a menor porcentaxe do último cuadrinio nas dúas variables).

■ O *custo laboral por hora efectiva* de traballo en Galicia subiu en 2009 un 4'9% (a maior porcentaxe do último trienio).

■ O *custo salarial por hora efectiva* de traballo en Galicia subiu en 2009 un 4'8% (seis décimas máis que no ano anterior).

■ A suba salarial pactada na negociación colectiva galega foi do 3'32% (a menor do último sexenio, pero cuadruplicou a suba do IPC).

■ A xornada laboral pactada en Galicia descendeu sempre no sexenio analizado agás en 2006 e quedou en 2009 en 156 horas mensuais (169'4 horas/mes nos contratos a tempo completo e 83'4 na contratación a tempo parcial).

A comparanza Galicia/España en 2009 nos aspectos estudados neste epígrafe cos datos máis actuais (os do último trimestre dese ano) reflicte que:

■ O custo laboral por persoa que traballa e mes en Galicia quedou en 2.325'3 euros, fronte aos 2.649'1 do promedio estatal. En dúas comunidades autónomas (País Vasco e Madrid) supera en máis de 300 euros a media española, mentres que en tres queda polo menos 300 euros por baixo dese promedio (Canarias, Estremadura e Galicia).

■ O custo laboral por hora efectiva de traballo en Galicia foi de 17'4 euros, fronte aos 20 da media española. Tan só Canarias (16'4 euros) quedou por baixo do dato de Galicia, cando un ano antes había dúas comunidades máis (Estremadura e Castela- A Mancha).

■ O custo salarial por persoa que traballa e mes en Galicia foi de 1.746'5 euros, tamén por baixo dos 1.993'2 euros do promedio estatal. Só Estremadura e Canarias quedaron por baixo do dato de Galicia, cando un ano antes había outra comunidade máis (Murcia).

■ O custo salarial por hora efectiva de traballo en Galicia foi de 13'1 euros, fronte aos 15 do promedio estatal. Tan só Canarias quedou por baixo do dato de Galicia, cando un ano antes había catro comunidades máis (Murcia, Estremadura e Castela-A Mancha).

■ A xornada laboral pactada en Galicia quedou en 155'5 horas mensuais (169'5 horas/mes nos contratos a tempo completo e 82'5 na contratación a tempo parcial) mentres que a media española foi menor: 153'8 horas.

1.6 O índice de desenvolvemento humano

No cadro 1.29 podemos ver uns datos interesantes que se veñen de publicar no ano 2010 nun estudo da Fundación Bancaja e o IVIE ("Instituto valenciano de investigaciones económicas") titulado: *Desarrollo humano en España. 1980-2007*. Nel cuantifícase o desenvolvemento económico-social das comunidades autónomas de España utilizando a metodoloxía que aplica a ONU para clasificar os Estados do mundo segundo o seu IDH (Índice de desenvolvemento humano).

Non só computa para elaborar o IDH o PIB por habitante, senón tamén variados indicadores de tipo educativo e sanitario, como poden ser a esperanza de vida ao nacer, a taxa de alfabetización de adultos, a de matriculación en estudos superiores ou da poboación en idade de traballar que conta con estudos postobrigatorios.

No cadro 1.29 podemos ver que Galicia ocupa unha posición lixeiramente por baixo do promedio español (e algo por riba das medias de Gran Bretaña ou Alemaña) neste intento de medición cuantitativa de algo tan complexo de cuantificar como é o benestar humano.

Unha ollada diacrónica explícita que, segundo este estudo, nos últimos trinta anos os maiores incrementos porcentuais do IDH déronse en Estremadura (17'4%), Castela-A Mancha (13'9%), Andalucía (13'7%) e Galicia (13%), mentres que as menores porcentaxes de suba foron as de Baleares (9'2%) e Cataluña (9'3%).

**Clasificación do índice de
desenvolvemento humano. 2007**

■ Cadro 1.29

País Vasco	98,9
Madrid	98,3
Navarra	98,1
Noruega	97,1
Australia	96,9
Islandia	96,8
Canadá	96,6
Castela e León	96,5
Irlanda	96,5
Aragón	96,3
Países Bajos	96,3
Suecia	96,2
Cantabria	96,2
Rioxa (A)	96,2
Francia	96,1
Suíza	96,0
Xapón	96,0
Luxemburgo	96,0
Finlandia	95,9
Cataluña	95,8
Asturias	95,6
EE.UU.	95,6
Austria	95,5
Dinamarca	95,5
Bélgica	95,3
Italia	95,1
España	95,0
Nueva Zelanda	95,0
Galicia	94,8
Reino Unido	94,7
Alemaña	94,7
C. Valenciana	93,8
Baleares	93,7
Cast. A Mancha	93,0
Canarias	93,0
Murcia	92,9
Andalucía	92,0
Estremadura	92,0

Fonte: Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas e Fundación Bancaja, "Desarrollo humano en España: 1980-2007".